



O DEREITO Á FAMILIA, unha visión dende os conflitos bélicos

Ca recente guerra ucráino-rusa, os nenos e nenas experimentaron a separación de polo menos un dos seus proxenitores, habitualmente do pai. Outros/as foron evacuados para poder ter acceso a servizos médicos, sen contar coa presenza paterna ou materna.

A onda de violencia segue a ter un impacto terrible tamén nas vidas dos nenos/as e das súas familias en Israel e no Estado de Palestina. Nada xustifica o seu asasinato, mutilación ou secuestro. Calquera retraso no fin do conflito, inevitablemente terá unhas consecuencias máis devastadoras para os nenos.

Pedimos un cesamento do fogo e lembrarlles a cada unha das partes as súas obrigas en virtude do dereito internacional humanitario de conceder unha protección especial a todos os nenos e nenas.



Nenos, nenas e adolescentes de distintos países europeos presentan as súas propostas a Presidencia Española da Unión Europea

Un grupo de 30 nenos, nenas e adolescentes de dez países diferentes participaron na Reunión Europea de Participación Infantil.

A representación española incluíu a unha representante do Consello Local de Infancia e Adolescencia (CLIA) de TEO, por ser membro do grupo asesor de UNICEF España, ademais de representantes do Equipo de Participación Infantil polo Cambio (EPIC) e do Consello Estatal de Participación da Infancia e Adolescencia (CEPIA).

**SAY YES TO
SECOND HAND
SEPTEMBER**

Como podemos contribuír a minimizar o impacto social e ambiental da Fast Fashion

O concepto de fast fashion ou moda rápida, refírese a un fenómeno de produción e consumo masivo que se incrementa á mesma velocidade á que van cambiando as tendencias.

O tempo de vida de cada peza fabricada é realmente curto e as consecuencias ambientais e sociais son catastróficas. Foméntase o consumo masivo de moda, incrementando a contaminación tanto coa súa produción como coa roupa que tiramos.

Por iso, a plataforma **Teachers for Future Spain** nos propón alternativas ó consumo desta moda rápida.



O Consello de Infancia de Eurochild acude a Bruxelas para garantir que a voz dos nenos, nenas e adolescentes se escoite na Unión Europea

Os/as membros/as do Consello Infantil de Eurochild reuníronse e intercambiaron ideas con Roberta Metsola. Tiveron a oportunidade de discutir sobre a importancia de que os responsables políticos escoiten as voces dos nenos, nenas e adolescentes na toma de decisións que lles afectan de maneira directa ou indirecta.



Para poder acadar os ODS necesitamos poñer á infancia no centro das axendas políticas

Hai 7 anos os países comprometéronse a cumprir as premisas da Axenda 2030, para así garantir que a poboación mundial tivera acceso a servizos de calidade. Máis a realidade é que xa se esta acabando o tempo para executar os ODS, e as consecuencias de non cumprir co pactado mediranse nas vidas dos/as nenos e nenas e na sustentabilidade do noso planeta



A saúde mental da infancia e adolescencia a revisión en Europa

A Comisión Europea afirma que a infancia é unha etapa crucial da vida para determinar a saúde mental na etapa adulta das persoas.

É positivo observar que a Comisión está a establecer iniciativas para superar os problemas de saúde mental de nenos e novos, asignando máis recursos a programas de apoio e alentando aos Estados membros a abordar o problema.



Presentación dos resultados da Enquisa de Calidade de Vida (2023) en Castela e León

Trátase dun informe elaborado pola Plataforma de Infancia España con colaboración da Plataforma de Castela e León. O obxectivo é coñecer a situación da infancia en Castela e León, a través da Enquisa de Calidade de Vida.



Experiencias noutros territorios



En Portugal seis xoves denuncian ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos a 32 países por non protexelos contra o cambio climático

Os/as denunciante de idades entre 11 e 24 anos, afirman que a inacción ante o cambio climático vulnera os seus dereitos.

Os 27 estados membro da UE ademais do Reino Unido, Turquía, Rusia e Noruega figuran entre os países demandados, que terán que defenderse ante este tribunal internacional.



Nenos, nenas e adolescentes dos grupos de participación infantil de España viaxan a México para compartir a súa experiencia

No encontro iberoamericano puxéronse en común as boas prácticas que se levan a cabo en cada un dos 22 países que participaron, estas experiencias baséanse en garantir os dereitos das nenas e nenos dende o local, xerando espazos de participación reais.



2º Congreso dos/as Nenos/as e Adolescentes de Cataluña

Os e as vogais do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia de Cataluña organiza por segundo ano o Congreso de Infancia e Adolescencia de Cataluña! Este ano baixo o título “Violencia contra a infancia e a adolescencia”



UNICEF Portugal celebra unha conferencia sobre a realización dos Dereitos da Infancia a nivel local

A xornada, reunirá a alcaldes, expertos e nenos para debater sobre os retos actuais e promover o diálogo sobre a importancia do desenvolvemento sostible e do medio ambiente, a saúde e o benestar de todos os nenos, así como o seu papel activo na configuración das políticas e dos desafíos emerxentes nas súas comunidades.